

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014544	IES Indalecio Pérez Tizón	Tui	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	26

1. Introducción

A materia proporciónalles ao alumnado coñecementos económicos para entender a sociedade na que vive, trata de despertar o seu interese e promover, tras unha análise crítica, iniciativas dirixidas a actuar sobre a propia realidade. Así mesmo, pon a súa disposición ferramentas que lle permitan tomar decisións tanto individuais como colectivas, con repercusións económicas e financeiras de maneira razoada e responsable.

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado no cal se están levando a cabo profundas transformacións, aceleradas pola incorporación das novas tecnoloxías a diferentes esferas da nosa vida. A dixitalización está a cambiar non só a estrutura produtiva global e a estrutura económica e financeira, senón tamén a propia sociedade no seu conxunto. Canto mellor entendamos o mundo no que vivimos, máis capaces seremos de tomar decisións que permitan mellorar a nosa vida e a nosa contorna.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. Os indicadores económicos como o PIB, o desemprego, a inflación ou o déficit público están continuamente presentes nos medios de comunicación, e isto xera unha crecente demanda de información e formación na medida que nos afecta para tomar decisións nas que nos sentimos implicados. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita a análise e afondamento nas relacións humanas e proporciona ferramentas para examinar con espírito crítico a realidade social.

Os retos e desafíos que se presentan no mundo actual fan necesaria a interconexión de distintos ámbitos, entre outros, o económico, social, cultural e ambiental. É preciso coñecer e tomar conciencia de como as nosas decisións e formas de vida afectan ao clima, aos recursos dispoñibles, á biodiversidade e á propia sociedade. Esta reflexión está presente en todos os países do mundo e deu como froito o compromiso que supoñen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) como intento para enfrontarse conxuntamente aos principais desafíos de cara ao futuro.

O currículo, que aborda aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado, está organizado ao redor da adquisición duns obxectivos que desenvolven diversos aspectos: Tratan de explicar como a escaseza condiciona os comportamentos económicos individuais e colectivos, propoñen analizar a realidade utilizando ferramentas que permitan estudar a economía desde unha perspectiva micro e macroeconómica e, por último, proporciona ferramentas de intervención económica, como as políticas económicas, e expoñen os retos da economía actual para os que hai que buscar novas solucións.

Os criterios de avaliación que se derivan dos mencionados obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución dos mesmos por parte de alumnado.

Os criterios de avaliación e o contidos están estruturados en cinco bloques:

1º. O bloque "As decisións económicas" relaciónase co estudo do comportamento económico, individual ou colectivo, das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades a partir de recursos escasos e, polo tanto, da toma de decisións económicas a partir da análise da realidade.

2º. O bloque "A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión microeconómica" vincúlase co coñecemento e uso de ferramentas que permitan que o alumnado entenda a realidade económica desde unha perspectiva microeconómica.

3º. O bloque "A realidade económica. Ferramentas para entender o mundo cunha visión macroeconómica" permítenos profundar no estudo das relacións humanas e a realidade económica desde un punto de vista macroeconómico.

4º. O bloque "As políticas económicas" está ligado aos instrumentos cos que contan os gobernos para dar resposta aos problemas económicos nun marco globalizado.

5º. O bloque "Os retos da economía española nun contexto globalizado" céntrase nos retos da economía actual e en identificar as fortalezas e debilidades da economía española.

O estudo da realidade económica, tendo presente a súa interconexión con outras disciplinas, permitirá ao alumnado adquirir unha cultura económica xeral para tomar decisións fundamentadas e participar dunha forma activa no desenvolvemento dos retos da economía actual.

O grupo de 1º Bacharelato é de 6 alumnos e catro alumnas.

Contextualización

- O Instituto no que se impartirá esta materia está situado no ámbito urbano do concello de Tui e a nivel escolar recibe, na súa maior parte alumnado das distintas parroquias e dalgúns concellos limítrofes, aínda que hai que distinguir:

- O alumnado da E.S.O. ven, maioritariamente, das parroquias de Rebordáns, Ribadelouro, Paramos, Baldráns, Caldelas e Guillarei. Isto está determinado pola adscrición dos colexios de primaria de Caldelas, Rebordáns e Guillarei a este Instituto.

- O alumnado do resto de ensinanzas de réxime xeral como os Bacharelatos, segue a ter unha procedencia de todas as parroquias de Tui e concellos limítrofes, pero coa diferenza de que tamén hai moitas solicitudes dende os outros Institutos da zona. O alumnado de Ciclos Formativos recolle o alumnado dos arredores, pero tamén hai alumnos/as de Vigo, A Guarda, Baiona, etc.

- O alumnado do réxime de adultos procede do concello.

As ensinanzas que se imparten son as seguintes:

Réxime Xeral:

- Bacharelato Tecnolóxico: 1º e 2º curso

- Bacharelato de Ciencias Sociais e Humanidades: 1º e 2º curso

- ESO: 1º, 2º, 3º e 4º curso

- Ciclos formativos de grao medio: ¿Ciclo medio en Actividades Comerciais¿ e ¿Equipos e Instalación Electrotécnicas¿

- Ciclo formativo de grao superior: ¿Xestión de Vendas e Espazos Comerciais¿

Réxime Adultos:

- E.S.A.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica.	2		2		40-50		1-2	
OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico.	2-3		2		40	3	1-2	
OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade.	2-3				40-50	3-4	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	2-3			4	12-40-50		1-2	
OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfrenta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade.	2-3		4	5	12-40-50		1	
OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sostibles que respondan a necesidades individuais e colectivas.	3		2		50	3-4	1-2-3	

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os principios básicos da Economía.	Economía, escasez e necesidade de elixir. As necesidades e os bens que as satisfacen. Como elixir en economía: custo de oportunidade e custos irrecuperables. A perspectiva social. Os principios da interacción económica.	6	8	X		
2	Factores, axentes e sistemas económicos.	Os factores de produción. Os axentes económicos e a súa racionalidade. Relación entre os axentes económicos. Os sistemas económicos. O sistema de economía de mercado ou capitalista. O sistema de planificación central ou	7	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Factores, axentes e sistemas económicos.	socialista. Os sistemas de economía mixto. Teorías e correntes do pensamento económico.	7	10	X		
3	A produción e o crecemento económico.	Eficiencia e produtividade. Os modelos e o estudo da eficiencia. As posibilidades de produción. Os dilemas do crecemento económico. Sectorios económicos: interdependencia e modelo produtivo.	7	10	X		
4	¿Cómo funcionan as empresas?.	Funcións e obxetivos das empresas. As decisións sobre como producir. Custos, ingresos e beneficios. O limiar de rendibilidade da empresa. O crecemento e a internacionalización de empresas. A responsabilidade social das empresas.	7	10	X		
5	O mercado	Intercambio e mercado. A demanda. Os cambios da demanda. A oferta e os seus cambios. O equilibrio de mercado. A elasticidade-prezo da oferta e da demanda.	7	10	X		
6	Modelos de mercado.	Os mercados e a competencia. Os mercados de competencia perfecta. O monopolio. O oligopolio. A competencia monopolística e a discriminación de prezos.	7	10		X	
7	O mercado de traballo e o emprego.	O mercado de traballo e os seus compoñentes. ¿Cómo se determinan os salarios? O desemprego: efectos e causas. Tipos de desemprego. Política de emprego e evolución do mercado de traballo.	8	10		X	
8	Os indicadores económicos.	A perspectiva global da economía. ¿Cómo se mide o crecemento dunha economía? As contas da contabilidade nacional. O PIB desde a perspectiva do gasto nacional. Da renda nacional á renda por habitante. A distribución da renda. Aportacións, críticas e alternativas ó PIB.	7	10		X	
9	A intervención do Estado na economía.	O papel do Estado na economía mixta. Os ciclos económicos. As externalidades económicas. Os bens públicos. A competencia imperfecta.	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A intervención do Estado na economía.	Mercado e equidade. As funcións do Estado: a política económica. A política económica e os valores dunha sociedade. O futuro do Estado de benestar e a súa relación ca democracia.	8	12		X	
10	O equilibrio e os cambios na economía	Funcionamento global da economía. O consumo e o aforro. O investimento. A demanda e oferta agregadas. Os cambios no equilibrio: os ciclos económicos. A economía mergullada e os seus efectos.	8	10			X
11	As contas públicas e a política fiscal	O sector público e os Orzamentos xerais. O gasto público. Os ingresos públicos. Preogresividade e solidaridade nos impostos. A presión fiscal en España. A política fiscal. O orzamento familiar.	8	10			X
12	O diñeiro e a política monetaria.	O diñeiro, as súas funcións e formas. O mercado monetario e os tipos de xuro. A creación do diñeiro bancario. A inflación e as súas causas. A medición da inflación e os seus efectos. A política monetaria.	7	10			X
13	O sistema financeiro e as finanzas persoais.	O sistema financeiro e os seus intermediarios. O papel dos Bancos na economía. Préstamos e outros produtos de crédito. As decisións de investimento. Os mercados de valores: risco e beneficio. A xestión do risco e os seguros	7	10			X
14	Comercio internacional e globalización.	Os principios do comercio internacional. Libre comercio fronte a proteccionismo. A balanza de pagos. Tipos de cambio. Procesos de integración económica. A UE e a UEM.	6	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os principios básicos da Economía.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Recoñece o problema económico básico: recursos escasos e necesidades ilimitadas. Identifica o custo de oportunidade.	PE	100
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Identifica os diferentes métodos para a análise da realidade económica. Identifica na economía condutual as desviacións da racionalidade económica.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os contidos asociados á unidade na realidade económica empregando os medios de difusión habituais no alumnado e debate sobre as posibles solucións aos retos que se expoñan.		
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Interpreta modelos simples da realidade económica.		
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Distingue entre economía positiva e normativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas. - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos. - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.

UD	Título da UD	Duración
2	Factores, axentes e sistemas económicos.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Sintetiza as vantaxes e inconvenientes dos diferentes sistemas económicos.	PE	100
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Identifica os fallos do mercado e as solucións propostas polos diferentes sistemas económicos.		
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora o papel dos axentes económicos no fluxo circular da renda.		
CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Representa o fluxo circular da renda e explica os efectos das decisións dos axentes económicos.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Explora a resposta dos sistemas económicos actuais á asignación de recursos.		
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Valora o papel dos axentes no desenvolvemento económico e benestar social.		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Identifica os fluxos reais e monetarios entre os distintos axentes que interveñen na actividade económica definindo o seu papel na economía dun país.		
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza o papel do Estado nos distintos sistemas económicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación. - Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos.

UD	Título da UD	Duración
3	A produción e o crecemento económico.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Eficiencia e produtividade. Identifica os elementos que participan na análise custo-beneficio. As posibilidades de produción.	PE	100
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Describe o papel da empresa no esquema do fluxo circular da renda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.

UD	Título da UD	Duración
4	¿Cómo funcionan as empresas?.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Identifica os obxetivos da empresa. Identifica os elementos que participan na análise custo-beneficio.	PE	100
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Identifica as estratexias de responsabilidade social corporativa de diferentes empresas da contorna.		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Describe o papel da empresa no esquema do fluxo circular da renda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética.

Contidos

- Experimentos ou ensaios económicos.
- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.
- Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.

UD	Título da UD	Duración
5	O mercado	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Define as variables que afectan a oferta e á demanda. Calcula e interpreta o equilibrio no mercado. Calcula e interpreta a elasticidade da oferta e demanda.	PE	100
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Valora na práctica o papel do mercado na asignación de recursos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica.
- A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.
- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.

UD	Título da UD	Duración
6	Modelos de mercado.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Analiza o proceso de toma de decisións nos mercados de competencia imperfecta e aplica a teoría de xogos.	PE	100
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Identifica mercados de competencia imperfecta e valora os fallos no seu funcionamento.		
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Diferencia os tipos de mercado.		
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións.	Analiza criticamente os efectos da existencia de mercados de competencia imperfecta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio.

UD	Título da UD	Duración
7	O mercado de traballo e o emprego.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Identifica as características do mercado laboral e interpreta os principais datos.	PE	100
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analiza a evolución do mercado laboral. Valora políticas de emprego aplicadas ou a aplicar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A brecha salarial.

UD	Título da UD	Duración
8	Os indicadores económicos.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describe o equilibrio macroeconómico.	PE	100
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Calcula e interpreta o crecemento económico. Diferencia entre crecemento económico e desenvolvemento.		
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Calcula e interpreta as macromagnitudes empregando o fluxo circular da renda. Identifica as limitacións das macromagnitudes.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Emprega os indicadores macroeconómicos na comparación da situación dos diferentes países e analiza as políticas económicas aplicadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.

UD	Título da UD	Duración
9	A intervención do Estado na economía.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Valora a necesidade de intervención do Estado como resposta ós fallos de mercado.	PE	100
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Identifica os fallos de mercado. Define política macroeconómica e identifica as diferentes solucións ós fallos de mercado.		
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Define Estado de Benestar e identifica os diferentes modelos.		
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Identifica as fontes de financiamento do estado de benestar.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Recoñece e valora na práctica, os instrumentos e limitacións dos diferentes modelos do estado de benestar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.

UD	Título da UD	Duración
10	O equilibrio e os cambios na economía	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Describe o equilibrio macroeconómico	PE	100
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Identifica os compoñentes dos Orzamentos Xerais do Estado. Identifica as razóns da existencia da economía mergullada e o seu impacto no Estado de Benestar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.

UD	Título da UD	Duración
11	As contas públicas e a política fiscal	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do estado na economía e identifica as políticas monetarias desenvolvidas.	PE	100
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Identifica as fontes de financiamento do déficit público.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Analiza o Estado de Benestar como solución ás actividades individuais e colectivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada.

UD	Título da UD	Duración
12	O diñeiro e a política monetaria.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Explica o papel do diñeiro. Identifica os intermediarios financeiros e os produtos obxecto de intercambio..	PE	100
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza, en supostos prácticos, os diferentes enfoques sobre a intervención do estado na economía e identifica as políticas monetarias desenvolvidas.		
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Recoñece causas e efectos da inflación. Explica o funcionamento da política monetaria.		
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Recoñece causas e efectos da inflación Explica o funcionamento da política monetaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros. - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

UD	Título da UD	Duración
13	O sistema financeiro e as finanzas persoais.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Elabora un plan financeiro persoal. Valora a importancia de planificar as finanzas das economías domésticas.	PE	100
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos de finanzas persoais.		
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Identifica os efectos da era dixital no sistema financeiro: novos medios de pagamento, ciberseguridade...		
CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Elabora un plan financeiro persoal nun contexto de transformación dixital. Valora a importancia de seguir as recomendacións de ciberseguridade na práctica.		
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Manexa conceptos básicos das finanzas persoais nun contexto dixital		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros. - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.

UD	Título da UD	Duración
14	Comercio internacional e globalización.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Analiza a repercusión das decisións económicas e identifica os procesos de integración económica.	PE	34
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Describe os obxetivos do desenvolvemento económico sostible. Coñece e valora a estratexia española de desenvolvemento sostible 2030.		
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora argumentos a favor e en contra do libre comercio e proteccionismo. Define os diferentes niveis de integración económica. Coñece o funcionamento do comercio internacional. Analiza de forma práctica as respostas dos procesos de integración económica aos retos actuais.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Analiza con espírito crítico os efectos da integración na economía mundial.		
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Recoñece os efectos na economía dos países dos distintos niveis de integración económica. Recoñece as vantaxes e inconvenientes do proceso de integración europeo. Identifica os factores explicativos da globalización.	TI	66
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Identifica as causas da pobreza e propón solucións. Valora as implicacións socioeconómicas dos ciclos migratorios.		
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Identifica actuacións a desenvolver polos axentes económicos na procura do ODS.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sostible e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Analiza os indicadores de desenvolvemento de diferentes países.		
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Identifica as externalidades do fluxo circular da renda. Coñece os indicadores de desenvolvemento e relacións co benestar e calidade de vida.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sostibilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Valora diversas medidas que podan contribuir a sostibilidade do estado de benestar. Comprende os factores e consecuencias da nova economía derivadas da revolución dixital.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Valora a economía colaborativa como alternativa menos desperdiciadora dos recursos. Valora a importancia da implantación dunha economía circular.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Identifica os principios básicos da teoría de crecemento económico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos. - O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital. - O futuro do estado do benestar. Sostibilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas. - Teorías sobre o decrecemento económico. - Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumno é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os Principios e Orientacións pedagóxicas do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.

Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final.

Fomentarse a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promocionar a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual do centro en webs dinámicas.
Biblioteca.
Aula de informática.
Software específico libre: openoffice...
Libro de texto.
Periódicos
Páxinas web: datasmacro, ine, econoweb....

Libro de texto Economía 1º Bacharelato da editorial SM.

Espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, repositorio de contidos, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxería), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio).

Desenvolvemento de actividades de promoción da lectura no ámbito económico

Análise de noticias relacionadas ca materia para que acerquen os contidos á realidade actual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa.

Formularanse preguntas ó alumnado co fin de avaliar os coñecementos previos da materia, aínda que algúns dos alumnos xa recibiron clases de economía en 4º ca mesma profesora, pero outros nunca tiveron esta aprendizaxe..

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	7	7	7	7	7	8	7	8	8
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	7	7	6	100
Proba escrita	100	100	100	34	96
Táboa de indicadores	0	0	0	66	4

Criterios de cualificación:

O resultado de cada avaliación será o seguinte:

- Un 50 % a calificación obtida no primeiro exame.
- Un 50 % a calificación obtida no segundo exame.
- A nota de avaliación será a media dos dous exames da mesma, pero se leva menos dun catro en calquera dos dous exames non se fará dita media e a avaliación estará suspensa.
- A esta media pódese sumar ata un punto polo traballo e participación nas actividades da aula.
- Débense facer todos os exames para ter opción a aprobar a asignatura.
- Unha vez aprobadas as tres avaliacións, a cualificación final da materia determinarase calculando a media aritmética das tres.
- Se se suspende algunha avaliación estará suspensa a materia.
- So se repetirán as probas escritas/oráis en casos excepcionais e con xustificantes oficiais (xustificante médico, evidencia,...)
- Dita repetición realizarase no día da recuperación.
- Copiar nos exames ou calquera outra irregularidade no desenvolvemento dos mesmos detectado pola profesora conlevará suspender dita avaliación, pudendose repetir exclusivamente nas probas finais de maio ou xuño do curso correspondente, según proceda.

Criterios de recuperación:

- Tras a primeira, segunda e terceira avaliación faráse unha proba de recuperación para os alumnos suspensos, que incluíra os mesmos contidos e entrega de traballos que os esixidos na avaliación. Nesta proba sólo irán co exame que teñan calificado con menos dun 4.
 - Aqueles alumnos/as que teñan algunha avaliación suspensa (na avaliación ou na recuperación) realizarán ao remate do curso, unha proba global de recuperación (aquí cada alumno presentaráse ca avaliación que teña suspensa, pero cos contidos de todos os temas da avaliación).
 - Unha vez aprobadas as tres avaliacións, a cualificación final da materia determinarase calculando a media aritmética das tres..
- A partir da avaliación ordinaria darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo establece a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita. O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Procedemento destinado a:

- Alumnado que cursa segundo curso e ten pendente a materia de Economía de primeiro.
- Non hai alumnado de segundo ca materia pendente de primeiro.

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Artigo 7, Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais

no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo o una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

-Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

-Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X			X	X	X
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A igualdade de xénero	X					X		X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	
ET.5 - Creatividade	X			X	X	
ET.6 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	
ET.9 - A igualdade de xénero					X	

Observacións:

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Documentais	Documentais que reflictan temas de actualidade económica.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.

Metodoloxía empregada
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Clima de traballo na aula
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.

Descrición:

Tal e como establece a normativa, "O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes."

Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- a motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- e seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia e nas reunións mensuais de departamento.

Nas reunión de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas. Todas as

posibles propostas de mellora reflectiranse na Memoria Final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

As ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula..
- Estatísticas de resultados.

9. Outros apartados